

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5395 *Real decreto 349/2011, do 11 de marzo, polo que se incrementa ata o setenta por cento a compensación máxima ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías, con orixe ou destino nas Illas Canarias, incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, aprobada no Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro.*

As compensacións ao transporte de mercadorías son un instrumento ao servizo dos obxectivos do desenvolvemento dos sectores produtivos canarios e contribúen á diversificación e desenvolvemento da economía canaria, así como á inserción e vertebración do mercado interinsular canario no sistema económico nacional.

O Acordo de Consello de Ministros do 9 de outubro de 2009 aprobou a Estratexia integral para a Comunidade Autónoma de Canarias, que inclúe 100 medidas tendentes á realización de máis dun centenar de actuacións, que se desenvolverán de forma progresiva co horizonte temporal do ano 2020.

O Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, fixou nos seus artigos 3 e 4, para o transporte de produtos orixinarios das Illas Canarias ou transformados nelas, unha compensación de ata o 50 por 100 dos custos indicados no artigo 6 do propio real decreto. Entre as actuacións que se deban realizar como consecuencia do citado acordo do Consello de Ministros, o Goberno comprométese ao incremento gradual das subvencións ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias durante o período 2010-2012, co fin de que o actual límite do 50 por 100 alcance o 70 por 100. Este incremento realizarase da seguinte forma: ata o 60 por 100 para os transportes realizados no ano 2010; ata o 65 por 100 para os transportes efectuados no ano 2011; e, por último, ata o 70 por 100 para os realizados no ano 2012 e sucesivos. Para lograr este obxectivo é necesaria a modificación dos artigos 3 e 4 do Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro. Esta modificación está, por outra parte, amparada pola autorización outorgada pola Comisión Europea na súa Decisión C2009-651.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias.*

O Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Compensación ao transporte de produtos orixinarios das Illas Canarias ou transformados nelas.*

1. O transporte marítimo interinsular ou con destino ao resto de España de produtos agrícolas orixinarios das Illas Canarias, a excepción do plátano, gozará dunha compensación de ata o 70 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4. Este límite do 70 por 100 aplicarase de forma progresiva

para cada exercicio, de acordo coas porcentaxes establecidas no número 3 deste artigo.

O transporte destes produtos con destino ao resto dos países da Unión Europea desfrutará tamén dunha compensación de ata o 70 por 100 dos custos regulados no artigo 6, estando limitada a dita compensación, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico marítimo entre as Canarias e Cádiz. Este límite do 70 por 100 aplicarase de forma progresiva para cada exercicio, de acordo coas porcentaxes establecidas no número 3 deste artigo.

2. O transporte marítimo e aéreo interinsular ou con destino ao resto de España de plantas, flores, escallos e froitos comestibles en fresco, orixinarios das Illas Canarias nos termos previstos no artigo 5, gozará dunha compensación de ata o 70 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4. Este límite do 70 por 100 aplicarase de forma progresiva para cada exercicio, de acordo coas porcentaxes establecidas no número 3 deste artigo.

O transporte destes produtos con destino ao resto dos países da Unión Europea desfrutará tamén dunha compensación de ata o 70 por 100 dos custos regulados no artigo 6, estando limitada esa compensación, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico entre as Canarias e Cádiz, se se trata de transporte marítimo, e entre as Canarias e Madrid, se se trata de transporte aéreo. Este límite do 70 por 100 aplicarase de forma progresiva para cada exercicio, de acordo coas porcentaxes establecidas no número 3 deste artigo.

Estas compensacións limitaranse aos produtos que se relacionan no anexo I deste real decreto.

3. O límite máximo do 70 por 100, fixado nos números anteriores, aplicarase progresivamente da seguinte forma:

- a) Para os transportes realizados no ano 2010: ata o 60 por 100
- b) Para os transportes realizados no ano 2011: ata o 65 por 100
- c) Para os transportes realizados no ano 2012 e seguintes: ata o 70 por 100.»

Dous. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Compensación ao transporte de produtos para alimentación do gando.*

1. O transporte marítimo desde o resto de España ás Illas Canarias de produtos de alimentación para o gando gozará dunha compensación de ata o 70 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4, sempre que non exista produción interior canaria ou na medida en que esta sexa insuficiente.

En caso de dúbidas acerca da procedencia da subvención, a Delegación do Goberno nas Canarias solicitará informe da consellería competente do Goberno das Canarias acerca da existencia de produción interna do produto e a súa suficiencia para o total abastecemento das Illas.

Os produtos acollidos a esta bonificación son os que se relacionan no anexo II deste real decreto.

2. O límite máximo do 70 por 100, fixado no número anterior, aplicarase de forma progresiva de acordo co que se establece no artigo 3.3 deste real decreto.»

Disposición adicional única. *Tramitación telemática.*

Ao abeiro do disposto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, todas as solicitudes e rexistros asociados ás compensacións ao transporte serán realizados por medios exclusivamente telemáticos para todas as persoas xurídicas ou asociacións interesadas nelas. Esta disposición terá efectos a partir das solicitudes dos transportes realizados en 2012, cuxa presentación comeza o 1 de abril de 2012.

Disposición transitoria única. *Aplicación aos transportes realizados no ano 2010.*

Este real decreto aplicarase aos transportes marítimos e aéreos realizados, durante o ano 2010, de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, cuxas solicitudes de compensación se efectuasen de conformidade co establecido no Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Fomento e de Economía e Facenda para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO